

Granada é unha rexión do sur de España pertencente a Andalucía, bañada polo mediterráneo en plena cordilleira penibética. O seu clima é mediterráneo continentalizado, aínda que nas zonas costeiras Granada goza dun clima subtropical e na serra clima de montaña.

A orixe da cidade de Granada parece misterioso. Hai teorías que remontan a súa creación ao bíblico Noé. O certo é que en Granada viviu unha das tribus ibéricas máis civilizadas, os túrdulos. Coa caída de Cartago na segunda guerra púnica os romanos conquistárona entornando ao ano 180aC.


No 306 acolle ao Concilio de Elvira, primeiro concilio cristiá de España, pero trala caída do imperio romano, coa dominación visigoda, a cidade debeu caer en decadencia nalgún momento da alta idade media, xa que coa chegada dos musulmá a zona estaba despoboadada.

Os musulmá chegaron á península no 711 e Granada pasou a formar parte do califato de Córdoba que se expandiu rapidamente. O califato entrou en crise por diversas cuestións como as loitas internas na sucesión dos califas, a ansia independentista dos territorios máis prósperos ou a presión fiscal para sufragar as campañas bélicas. O debilitamento do califato provocou a división do territorio nos reinos taifas independentes. Cada taifa identificouse cunha familia, en Granada os ziríes foron a dinastía que independizou o territorio no 1013.


Granada é chamada para o reclutamento de tropas almohades para frear o empuxe das tropas cristiás, que vencen aos almohades na batalla das Navas de Tolosa (ano 1212). O descalabro das tropas almohades sume aos seus territorios nunha profunda anarquía, que en Granada provoca o cambio de dinastía coa entrada de Alhama de Roxo (porque tiña a barba de cor roxa) no 1232, marcando esta data o inicio da dinastía nazarí, que gobernaría Granada até 1492, momento no que o derradeiro sultán de Granada, Boabdil, capitula entregando os seus territorios aos reis católicos.

A época nazarí é dunha grande prosperidade. O reino de Granada comprende as actuais provincias de Almería, Málaga, parte de Xaén e Cádiz. Nesta época constrúese a cidade palatina da Alhambra, declarada Patrimonio da Humanidade, máxima expresión da arte e arquitectura nazarí.

O reino de Granada foi o derradeiro bastión musulmá da península. A súa conquista completou o proceso de Reconquista que comenzara séculos atrás. O 2 de xaneiro de 1492 Boabdil firma a capitulación do seu reino en favor dos Reis Católicos tras un proceso de negociacións entre ambos bandos, o musulmán e o cristián. As capitulacións eran moi xenerosas para os granadinos: podían seguir practicando libre e públicamente a súa relixión, respetábanse as súas propiedades e mantívose a vixencia do dereito islámico en litixios entre musulmá. Esta tolerancia non durou moito, xa que a partir do 1499, ante o recelo da corte cristiá instalada en Granada, comeza un proceso forzoso de conversións ao cristianismo e confiscacións de bens que culmina o cardenal Cisneros coa



Patios no interior da Alhambra




Baños Árabes de Hamman



Rueiros típicos da Alpujarra



Costa subtropical granadina



Pico Mulhacén, cos seus 3478m e o maior cumio da península

conversión de mezquitas a iglesias, aparecendo as primeiras revoltas que foron reprimidas duramente. Aproveitando estas revoltas, os reis Católicos declaran nulas as capitulacións e fan unha primeira expulsión de moriscos, e a reclusión dos restantes nun gueto na cidade.

O aspecto da cidade foi mudando castellanizándose progresivamente, derribando mezquitas, ensachando rúas... aínda que a fascinación pola Alhambra fixo que se respectara a súa arquitectura.

A economía granadina alternou momentos de bonanza e de crise, como trala derrota en Trafalgar en 1805 que fixo que o comercio textil granadino se pechara con Gran Bretaña, principal importador. O sector azucareiro, co cultivo da remolacha, foi moi notable a comezos do século XX, e a súa decadencia posterior marcaron episodios de conflictividade social. Co estallido da Guerra Civil, Granada foi rapidamente tomada polos militares rebeldes, quedando aillada entre zonas controladas polo goberno republicano, o que deu lugar a detencións masivas e fusilamentos, entre eles o ilustre poeta Federico García Lorca.

A provincia de Granada está chea de contrastes, a costa subtropical con núcleos turísticos como Motril e Almuñécar, a alta montaña co pico Mulhacén na serra nevada, cota máxima da península, as alpujarras, o núcleo troglodita de Guadix, as gornas de monachil... sendo posible no mesmo día esquiar pola mañá na serra nevada, ir pola tarde á praia en Motril, e pasear pola noite no barrio morisco de Albaicín en Granada.



Reino de Granada no 1492



Capitulación de Boabdil ante os Reis Católicos (óleo de Francisco Pradilla)

MENÚ

Aperitivo: Salmorejo
Entrada: Remojón Granadino
Principal: Carne en salsa de améndoas
Sobremesa: Pionono de Santa Fe

ENTRANTE

O *salmorejo* é unha especie de crema fría na que destaca o sabor do aceite de oliva e a textura do pan. Moi consumida en Andalucía polo seu efecto refrescante durante o caluroso verán.



O remojón granadino é unha ensalada con ingredientes pouco habituais como son a laranxa e o bacallau. Na súa orixe esta ensalada era moi apreciada no inverno polo aporte de vitamina C que axuda ás defensas do organismo a combater as típicas doenzas desta estación.

PRINCIPAL

A *carne en salsa* ao estilo granadino é unha comida de raíces árabes polo contido en froitos secos. O mollo de elaboración con allo, pan frito e améndoas confirelle unha textura única á carne de *marrano*, como chaman os granadinos ao porco.



SOBREMESA

«Doce de pequeno tamaño feito cun rulo de biscoito borracho e coroado cunha crema tostada». Esta é a definición de pionono.



Considérase creador do clásico pionono de Santa Fe, en Granada, a Ceferino Isla que o chamaba así en homenaxe a Pío IX (Pío Nono).

A explicación radica en que quen fora Santo Padre da Iglesia Católica entre 1846 e 1878 proclamou o Dogma da Inmaculada Concepción de María o 8 de decembro de 1854, e Ceferino Isla era un home de profundas crenzas relixiosas, e moi devoto da Virxe. Isla homenaxeou ao derradeiro Papa Rei con este pastel para lembrar a súa figura: cilíndrico e lixeiramente rechoncho, revestido cun balandrán blanco, e coronilla de crema azucarada e tostada a modo de «solideo».

O pionono ten as súas raíces nun doce de Al-Ándalus, entre os s. X e XI, cuxa receita conservaron con celo as familias de Santa Fe.

De feito, a familia Isla, provinte de Cantabria, chega ao sur durante a Reconquista para liberar Sevilla estableciéndose alí e, posteriormente, en Santa Fe, onde Ceferino abriu o seu propio obrador e rendeu unha homenaxe a «Pío nono» que se remonta ao ano 1897.



Vista exterior da Alhambra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EM Mosteiros
seccións bilingües

XORNADA GASTRONÓMICA DE GRANADA



Tablao flamenco

Estampa típica das Alpujarras



Unha das moitas especies endémicas da Serra Nevada que polo seu clima especial alberga auténticas xoias botánicas



Barranco do río Monachil



Costa de Motril

